

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 25 DE ABRIL DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e cinco de abril de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as doce horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 19 de abril de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- RECTIFICACIÓN DE ERRO ARITMÉTICO EN ACORDO DE CONCESIÓN DE LICENZA DE OBRAS

- Gandeiría Froján S.C.

ANTECEDENTES

1. Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 7 de outubro de 2021, concedeuse á GANDEIRÍA FROJÁN S.C., con

CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Barbeitos, parroquia de Negrelos, licenza municipal para CONSTRUCCIÓN DE CORTE DE VACÚN E FOSA DE XURRO E LEGALIZACIÓN DE EDIFICACIÓN DESTINADA A ALMACÉN DE MAQUINARIA AGRÍCOLA, con emprazamento no lugar de Barbeitos, parroquia de Negrelos, con estrita suxeición ao proxecto técnico modificado e refundido e anexo visados polo colexio correspondente (núm. [REDACTED], do 15/04/21 e anexo de data 19/07/21), redactados pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro.

2. Con data 19 de abril de 2024 (RE núm. 594), Don Jorge Froján Silva, na representación da sociedade interesada, solicita a rectificación do erro aritmético detectado no dato da superficie da parcela onde se sitúan as construcións obxecto da licenza concedida.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. No que non contradiga o presente acordo, considéranse vixentes e de plena aplicación os fundamentos xurídicos e o acordo correspondente á licenza orixinal concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 7 de outubro de 2021.
2. Detectouse un erro aritmético na superficie da parcela consignada no cadro incluído no fundamento xurídico undécimo do acordo orixinal (25.129 m²), sendo correcta a de 25.219 m².
3. O artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dispón textualmente: *“As Administracións Públicas poderán, asemade, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes no seus actos”*.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Rectificar, a instancia da interesada, o erro aritmético existente no acordo que se sinala nos antecedentes do presente, adoptado por este órgano na sesión celebrada o día 7 de outubro de 2021, no sentido de corrixir a superficie da parcela consignada no cadro incluído no seu fundamento xurídico undécimo pola medición correcta de VINTE E CINCO MIL DOUSCENTOS DEZANOVE METROS CADRADOS (25.219 m²).

3.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA

VISTA a instancia presentada pola sociedade CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., co CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social en Lalín (RE-E núm. 219, do 22/04/24), pola que solicita a devolución da fianza constituída a favor deste Concello mediante seguro de caución da entidade aseguradora ASEFA S.A., SEGUROS Y REASEGUROS, estendido con data 19/09/22 (registro núm. [REDACTED]), por importe de CATRO MIL CATROCENTOS SESENTA E CATRO EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (4.464,44 €), en concepto de garantía definitiva da obra de “Mellora de camiño municipal que descorre entre as parroquias do Salto e Vilela”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a súa cancelación e devolución á solicitante.

4.- DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA B DE RODEIRO” – EXPEDIENTE PAS-O 1/2024

De conformidade co establecido na cláusula 17ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación do contrato administrativo de obras denominado “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA B DE RODEIRO”, en relación ao disposto no artigo 326 e na DA 2ª, apartado 7, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros da mesa de contratación da obra de “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA B DE RODEIRO” ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: O alcalde do Concello.

VOGAIS: José M^a Novo Ramos, secretario-interventor do Concello.

Gerardo Abeledo Iglesias, arquitecto técnico municipal.

SECRETARIO: Francisco J. Lamazares García, funcionario do Concello.

5.- NOMEAMENTO DE PERSOA IDÓNEA PARA DESEMPEÑAR AS FUNCIÓNS DE SECRETARIA DO XULGADO DE PAZ DE RODEIRO

ANTECEDENTES

Primeiro.- Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 10 de abril do corrente, efectuouse convocatoria pública para a selección de persoa idónea para desempeñar as funcións de secretario/a do Xulgado de Paz de Rodeiro.

Segundo.- En cumprimento do disposto, abriuse un prazo de presentación de solicitudes polo espazo de sete (7) días naturais mediante anuncio nos taboleiros de anuncios da Casa do Concello e da sede electrónica municipal para que os/as interesados/as presentaran a súa solicitude, acompañada do seu DNI e *curriculum vitae*, así como da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos.

Terceiro.- Durante o prazo de presentación de solicitudes, que rematou o día 19 de abril de 2024, rexistrouse a seguinte única instancia:

- ✓ María Belén Patao Fernández (RE núm. 510, do 15/04/24).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 50.3 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de Demarcación e de Planta Xudicial dispón textualmente: "*Nos demais Xulgados de Paz, o Concello nomeará unha persoa idónea para o desempeño da Secretaría e comunicarao ao Ministerio de Xustiza para a súa aprobación*".

Segundo.- Tendo a Comunidade Autónoma de Galicia transferidas as competencias en materia de Xustiza, o órgano competente para a aprobación será a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Terceiro.- O Concello acredita a idoneidade da solicitante para o desempeño das funcións de secretaria do Xulgado de Paz de Rodeiro con base ás seguintes consideracións: a súa formación académica no eido administrativo, a súa experiencia laboral en traballos que requiren atención ao público e, asemade, na circunstancia da súa residencia habitual no lugar da capital municipal, onde se sitúa a sede do Xulgado de Paz, o que vai garantir unha mellor e máis áxil dispoñibilidade para o desempeño das funcións que dito posto demande.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Nomear secretaria do Xulgado de Paz de Rodeiro a Dona MARÍA BELÉN PATAO FERNÁNDEZ, con DNI núm. [REDACTED] veciña do lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro.

Segundo.- Comunicar o presente acordo á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a súa aprobación, se procede.

6.- RECOÑECEMENTO DE HORAS EXTRAORDINARIAS A PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO

Con data 17 de abril de 2024 Don Ezequiel Fernández Bardelas, traballador laboral temporal do Concello coa categoría de condutor do camión de recollida do lixo, presentou minuta asinada para o recoñecemento de sesenta (60) horas extraordinarias realizadas fóra da súa xornada laboral durante o ano 2023. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, coa conformidade do Sr. alcalde, e en aplicación da Base 23ª do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio de 2024, acorda dar a súa aprobación á minuta presentada e recoñecerlle o abono de sesenta (60) horas extraordinarias a percibir coa nómina do mes de maio de 2024.

7.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 69,39 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/factura núm. TA7800001012 (FACe).
- LETICIA DIÉGUEZ ALONSO 3.806,76 €
Honorarios por redacción de proxecto de obra incluída no Plan Marco 2024-2025, s/factura núm. 005/2024.
- FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE 276,97 €
Por achega anual ao Fondo, s/factura núm. R/952024 (FACe).
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 62,64 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de marzo de 2024, s/factura núm. 24ZNX0076923 (FACe).
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 589,63 €
Por traballos de reparación na instalación eléctrica da Casa do Concello, s/factura núm. 23/24.
- MIGUEL CONDE VALES 314,60 €
Por desmontaxe e montaxe de puntos de alumado público para a instalación da carpa das festas de San Vicente, s/factura núm. S-201800480.
- AMBIGAL 360 S.L. 330,00 €
Por importe mensual do servizo consistente na recollida selectiva da fracción papel-cartón, s/factura núm. 01-A240369 (FACe).
- REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. 1.210,00 €
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 0041267401 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as doce horas corenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)